Resolución da convocatoria de concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS o curso 2024/25

Segundo o establecido no apartado 5 da Resolución do 18 de febreiro de 2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, destinadas a centros públicos de nivel non universitario e de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no curso 2024/25, esta Dirección xeral

RESOLVE

Facer pública a relación de centros que resultaron galardoados convocatoria de concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS e conceder os premios e as contías correspondentes aos centros que se relacionan a continuación.

Na modalidade de **Selo Biblioteca Escolar Solidaria,** o importe deberá destinarse a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva; así mesmo, esta asignación poderá destinarse a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable.

Na modalidade de **Voluntariado na biblioteca escolar Primaria,** ao desenvolvemento dun obradoiro especializado que poderá versar sobre lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio, booktrailers, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais, destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar.

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas e segundo o disposto no Apartado 7.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal

CVE: G7DBvtwJZc1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I

Centros galardoados na modalidade de Selo Biblioteca Escolar Solidaria

Código	Centro	Provincia	Concello	Importe
15009998	CEIP Plurilingüe Ramón de Artaza y Malvárez	A Coruña	Muros	1.500 €
15022577	CEIP de Maciñeira	A Coruña	Neda	1.500 €
15016000	CIFP Compostela	A Coruña	Santiago de Compostela	1.500 €
27014057	CEE Santa María	Lugo	Lugo	1.500 €
36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Pontevedra	Ponteareas	1.500 €

Centros galardoados na modalidade de Experiencia Voluntariado

Código	Centro	Provincia	Concello	Importe
15021354	CEIP Bergantiños	A Coruña	Carballo	600€
15010681	CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso	A Coruña	Noia	600€
27010891	CEIP Plurilingüe Gregorio Sanz	Lugo	Ribadeo	600€
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Lugo	Sober	600€
32004118	CPI Plurilingüe Antonio Faílde	Ourense	Coles	600€
36002773	CEIP do Foxo	Pontevedra	A Estrada	600€
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	Pontevedra	A Guarda	600€
36015093	CEIP San Tomé	Pontevedra	Cambados	600€
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Pontevedra	O Rosal	600€
36014738	CEIP Plurilingüe de Leirado	Pontevedra	Salvaterra de Miño	600€

Asinado por: JUDITH FERNANDEZ NOVOA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 26/05/2025 09:06:36

CVE: G7DBvtwJiZc1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal